



***IV* CARREIRA POPULAR DE RIBADAVIA**

SÁBADO 23 DE DECEMBRO DE 2017
16:00H PRAZA MAIOR DE RIBADAVIA

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN: WWW.CARREIRASGALEGAS.COM

IV CARREIRA POPULAR DE RIBADAVIA

/// SÁBADO 23 DE DECEMBRO DE 2017

IV CARREIRA POPULAR DE RIBADAVIA REGULAMENTO

Art. 1 Organización

O **Concello de Ribadavia** coa colaboración do **Club Deportivo Aurum** e da **Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo** organiza a **IV Carreira Popular de Ribadavia**, que se celebrará o sábado 23 de decembro de 2017 no Concello de Ribadavia.

Esta proba pertence ó Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e estará controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da FGA - Delegación en Ourense.

Art. 2 Participantes

Poderán participar atletas federados e atletas populares. Realizarase unha clasificación conxunta.

Art. 3 Categorías

Pitufos	2011 e posteriores
Benxamín – Sub 10	2009 – 2010
Alevín – Sub 12	2007 – 2008
Infantil – Sub 14	2005 – 2006
Cadete – Sub 16	2003 – 2004
Xuvenil – Sub 18	2001 – 2002
Junior – Sub 20	1999 – 2000
Promesa – Sub 23	1996 – 1997 – 1998
Senior	1995 e anteriores ata Máster
Máster A	De 35 a 44 anos
Máster B	De 45 a 54 anos
Máster C	De 55 a 64 anos
Máster D	Maiores de 65 anos
Absoluta	

Art. 4 Distancias e horarios

Horario	Categoría	Distancia	Voltas
16:00	Pitufos	100 m.aprox.	
16:05	Sub10 – Sub12	1 Km.aprox.	1 Volta pequena
16:15	Sub14 – Sub16	2 Km.aprox.	2 Voltas pequenas
16:30	Sub18 – Sub20 – Sub23 –Senior – Máster A – B – C – D	9 Km.aprox.	1 Volta grande

IV CARREIRA POPULAR DE RIBADAVIA

/// SÁBADO 23 DE DECEMBRO DE 2017

Art. 5 Lugar de saída e percorrido

A saída estará situada na Praza Maior de Ribadavia e a carreira discorrerá polas seguintes rúas: Rúa do Progreso - Rúa do Ribeiro - Rúa Veronza - Rúa do Xestal - Área Recreativa da Veronza (carril bici) - Rúa Veronza - Paseo do Avia - Paseo do Miño - Rúa da Aldea - Rúa das Laxas - Rúa Ramal - Estrada Francelos - Rúa San Lázaro - Rúa Redondela - Rúa Extramuros - Rúa Porta Nova de Arriba - Praza Magdalena - Rúa Santiago - Rúa Salgado Moscoso - Rúa Progreso - Praza Maior. (9.000 m. aprox.)

A organización resérvase o dereito a modificar o presente percorrido ante circunstancias que así o aconsellen.

Art. 6 Inscripcións

Dende o 15 de novembro de 2017 os/as atletas federados e populares poderán inscribirse no formulario habilitado ó efecto na web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com. A inscrición ten un custe de 5€ que deberán aboar mediante pasarela de pago. Para os/as atletas das categorías menores de 18 anos, a inscrición será gratuíta. Dispoñen de prazo para a inscrición ata as 20:00 horas do mércores 20 de decembro de 2017.

A participación de atletas doutras federacións autonómicas e estranxeiros rexerá de acordo co disposto no artigo 3.4 do Regulamento RFEA para as competicións da tempada de campo a través, marcha, carreiras en ruta, e reunións de pista cuberta e aire libre da tempada 2016 – 2017. http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03_reglamento_comp.pdf

Art. 7 Retirada de dorsais e chips

A retirada de dorsais e chips realizarase na secretaría de competición sita no baixo da Casa do Concello de Ribadavia (Praza Maior) dende as 15:00 h. do día da competición e ata 10 min. antes de cada proba.

Art. 8 Premios

Todos/as os/as participantes da categoría Pitufos recibirán unha medalla ó rematar a súa participación na proba.

Os/as tres primeiros/as clasificados/as de todas as categorías (agás Absoluta) recibirán unha medalla.

Os/as tres primeiros/as clasificados/as da categoría Absoluta recibirán un trofeo.

Art. 9 Descualificacións

Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo a organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar

IV CARREIRA POPULAR DE RIBADAVIA

/// SÁBADO 23 DE DECEMBRO DE 2017

ritmos ós participantes. Non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

A organización recomenda ós/ás participantes, pola súa seguridade, que non participen con dispositivos reprodutores de música con auriculares.

Art. 11 Peche de control

A organización establece un peche de control 90 minutos despois da saída.

Art. 12 Reclamacións

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

Art 13 Asistencia Médica e Seguros

A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

Todos/as os/as participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

Art. 14 Aceptación do Regulamento

Todos/as os/as participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida. de Glasgow, 13, C.P. 15008, A Coruña.